

BÁDMINTON

HISTORIA

Varias fontes falan dun xogo parecido que se xogaba na milenaria China fai dos mil anos, o Volante. Tamén teñen rasgos común xogos practicados polos indios brasileiros e polos Incas. Igualmente garda certa relación o xogo francés “Jeu de Paume”.

A hipótese máis probable é un xogo análogo ó bádminton que se xogaba en Europa desde o século XVII, concretamente en Inglaterra e practicado por oficiais do exército británico con fins recreativos; este xogo era similar ó xogado na India, a “Poona”, atrevéndonos a confirmar que este último é o antecesor directo do bádminton moderno. Parece ser que os ingleses o aprenderon durante a súa colonización da India. O seu actual nome procede de “Badminton House”, no Condado de Gloucestershire do Ducado de Beaufort, nacente dunha reunión de oficiais ingleses en 1873, que decidiron divertirse xogando con raquetas de tenis e uns corchos de botellas de champán, chamando a este xogo como a casa-castelo onde se celebrou a reunión.

En España o Bádminton entra por Galicia, alá polo 1971 cando un grupo de amigos practicaba ximnasia no polideportivo municipal. Un sábado, Luis Miró Falcón, presidente do ximnasio e profesor de INEF, chegou cunhas extrañas raquetas e unhas pelotas de plástico para xogar que trouxera dunha viaxe de Suecia. Pouco meses despois atraca en Vigo un barco con tripulación inglesa, que ensinan os galegos o verdadeiro regramento e as técnicas de xogo. A apartir de ahí organízanse cursos e empeza a extenderse polo país.

CAMPO DE XOGO

O ancho da pista é de 6,1 m para dobres, e de 5,18 m para individuais. A lonxitude total é de 13,4 metros. As zonas de servizo están delimitadas por unha liña central que divide o ancho da pista, o servizo curto, situada a 1,98 m da rede, e polas liñas exteriores no lateral e no fondo. En dobres, a zona de servizo tamén está delimitada por unha liña para o servizo longo, que se atopa a 0,78 m da liña de fondo. Polo tanto, a zona de servizo en dobres é máis curta.

O campo está dividido por unha rede situada a 1,55 m de altura.

Os materiais para xogar son unha raqueta específica de bádminton. Son moi resistentes e lixeiras. E o móvilé unha pluma ou volante. Ten unha forma cónica invertida formada por 16 plumas e insertadas nun corcho recuberto de coiro. É moi aerodinámica e enseguida se xira e se pon o corcho por diante.

PUNTUACIÓN

Os xogadores puntúan sempre que gañen o punto que estaban disputando. O partido consta de 3 sets, gañando o partido aquel xogador que consiga dous sets, sen necesidade de disputarse o terceiro se xa se conseguiron os dous primeiros.

Ó principio de cada punto, o xogador que serve e o que recibe deben situarse en diagonal. O servidor debe golpear o volante por debaixo da cintura para que éste aterrice na zona de servicio do rival. Cada set dispútase a 21 puntos e saca sempre o equipo que fixo o punto. Se leva puntuación par colocárase no lado dereito e se leva puntuación impar, no lado esquerdo. Para gañar o set hai que facelo por diferenza de dous puntos. En caso contrario, continúaase xogando ata conseguir esa diferenza de dous puntos, pero ata un máximo de 30, podendo gañar por 30-29.

TÉCNICAS BÁSICAS

Presa da raqueta: a presa universal realízase colocando a raqueta de modo que o cordaxe quede perpendicular o chan e a "V" formada polo pulgar e o índice sobre o borde superior do mango. O agarre debe ser firme pero sen unha tensión continua, xusto ata o momento de impactar co volante, entón apretaremos fortemente a empuñadura para golpéalo.

Xogo de moneca: os golpes ó volante deben facerse con movementos bruscos de moneca coordinados con movementos cortos e rápidos do brazo.

Posición básica de xogo: un deporte rápido necesita de respostas rápidas, para o cal é preciso prepararse do seguinte xeito.

- Raqueta a unha altura entre ombro-cabeza e peito.
- Pernas semiflexionadas.
- Pés separados á mesma altura.
- O peso do corpo repartido entre os dous pés, sobre as puntas.

O saque: realízase sostendo a raqueta coa man do brazo executor estirado hacia atrás, e a perna contraria adiantada, suxeitando coa outra man o volante diante do peito, e cando o brazo que suxeita a raqueta comenza o seu movemento hacia adiante deixase caer o volante para golpéalo. No saque buscaremos obter ventaxa no seguinte golpeo, ou sorprender ó contrario. Podemos facer saque curto, cerca da liña de saque, e saque longo, cerca da liña de fondo.

Golpes básicos:

- Clear: golpe que envía o volante alto e longo a liña de fondo do adversario, a unha altura media.
- Remate ou smash: golpe ofensivo por excelencia, na que o volante sae directamente hacia abaixo e con tensión.
- Deixada ou Drop: golpe ofensivo que o seu obxectivo é facer que o volante caia xusto detrás da rede, sobre todo cando o adversario está lonxe de esta.
- Drive: golpe ofensivo que se utiliza para dar velocidade ó xogo. A súa traxectoria é media ou longa, a media altura e tensa, paralela ó chan.
- Lob: golpe eminentemente deensivo, que se envía o volante cunha traxectoria parabólica e longa, ó fondo do campo do adversario.

Se queres ampliar información, visita as seguintes páxinas:

<http://www.badminton.es/>, páxina da Federación Española de Bádminton. Ademáis conta cun enlace para ver partidos de diferentes competicións <http://www.dartfish.tv/badmintonspain>.